

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Bases da convocatoria do II premio de música infantil "Quero Cantar"

ANUNCIO

II CONCURSO MUSICAL INFANTIL "QUERO CANTAR"

Coa intención de promocionar e difundir o uso da lingua galega, e a creatividade poética e musical, a Deputación da Coruña, convoca o II Concurso musical infantil "Quero Cantar" de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Poderán participar todos os grupos musicais de ámbito galego que presenten e interpreten unha composición con letra e música orixinais e inéditas e que estean formados por rapaces e rapazas de acordo coas seguintes categorías

Categoría A. Infantil.-

Idade: ata 12 anos

Número máximo de compoñentes : 12

Categoría B. Xuvenil.-

Idade: de 13 a 16 anos

Número máximo de compoñentes: 12

Para a categoría A permítese que, incluídas no límite de 12 participantes, haxa ata dúas persoas que superen o límite de idade.

Para a categoría B tamén se permite ata dúas persoas exentas do límite de idade, mais neste caso a excepción pode referirse tanto ao límite inferior coma ao superior.

En todo caso, de usarse esta posibilidade, o número de integrantes excepcionais debe significar menos da metade de membros totais do grupo. Ademais as persoas exentas nunca poden ser as voces solistas, nin formar parte do coro se este fose o intérprete principal do tema. No caso dun coro acompañante si poderán ser incluídas.

O límite de idade enténdese en referencia á data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Para o efecto do límite de compoñentes, a persoa ou persoas que compoñan a música e a letra só contan como integrantes dun grupo se participan tamén na interpretación do tema.

Segunda.-

Establécense os seguintes premios:

Premios 2ª Fase do concurso:

5 primeiros clasificados en cada categoría:

*Gravación en estudio do canción e edición no CD denominado Quero Cantar 17, (un cd por categoría).

Premios da Gala final:

1º clasificado en cada categoría:

*Gravación dun videoclip da canción gañadora

*Material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, téxtil, xogos..) por valor de 1.500,00 €.

2º clasificado en cada categoría:

*Material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, téxtil, xogos..) por valor de 1.000,00 €.

3º clasificado en cada categoría:

*Material musical (instrumentos, equipamento...) e/ou produtos culturais en galego (libros, discos, cine, téxtil, xogos..) por valor de 500,00 €.

Terceira.-

Os grupos deben presentar a solicitude no modelo normalizado que se obtén nas webs www.dacoruna.gal e www.querocantar.gal, ou no Rexistro Xeral da Deputación, achegada do seguinte:

MATERIAL E DOCUMENTACION:

1ª.- Maqueta da composición en formato audiovisual (Mp4) ou só audio (Mp3, WAV, ou Ogg Vorbis), que debe reunir as seguintes condicións:

1.1.- Música orixinal e inédita (que non fose difundida publicamente con anterioridade por ningún tipo de soporte nin canle).

1.2.-Letra orixinal e en galego.

1.3.-A peza non pode estar incluída no rexistro da Sociedade Xeral de Autores (SGAE)

2ª.- Relación de compoñentes do grupo onde estea especificada a súa función dentro deste e instrumentos, con indicación dos seus nomes e apelidos e das súas idades, fotocopia do DNI de todas as persoas compoñentes ou, no seu caso, do libro de familia.

3ª.- Descrición das necesidades técnicas e de escenario.

4ª.- Breve biografía do grupo, que pode presentarse en soporte escrito, acompañada dunha fotografía, ou en soporte audiovisual.

5ª.-Documento de aceptación das bases do concurso e de cesión dos dereitos de imaxe (para os fins relacionados co concurso, exclusivamente) que deberá estar asinado polas persoas integrantes do grupo, ou polos seus pais/nais, titores ou representantes legais, no caso dos menores.

O material presentado deberá estar identificado, na súa totalidade, cos datos do grupo.

Cuarta.-

O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e remata o 20 de xuño de 2017.

As solicitudes serán presentadas na sede electrónica da Deputación da Coruña ou no seu Rexistro Xeral, de acordo co establecido na Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común de las administraciones públicas.

Quinta.-

Serán nomeados dous xurados de acordo co seguinte:

Primeira fase:

O xurado estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical

Fase final:

O xurado comporase de 6 alumnas e alumnos de educación primaria e ESO (tres por cada unha das categorías)

Ambos os dous xurados serán nomeados e presididos pola deputada presidenta da Comisión de Cultura e Normalización Lingüística.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en que delegar.

As composicións dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O concurso desenvolverase de acordo co seguinte procedemento:

1ª Fase:

O xurado realizará a selección daquelas maquetas que pasarán á seguinte fase. A valoración atenderá aos criterios que a continuación se sinala, ponderados cun máximo de 30 puntos por cada categoría, e de acordo co seguinte:

Categoría A:

Calidade artística da música: ata 10 puntos

Calidade artística da letra: ata 10 puntos

Adecuación ao público infantil: ata 10 puntos

Categoría B:

Calidade artística da música: ata 15 puntos

Calidade artística da letra: ata 15 puntos

Os grupos que nesta fase acaden unha puntuación mínima de 15 pasan á seguinte fase.

2ª Fase:

Os grupos que pasen a esta fase hanse someter á votación do alumnado de catro centros educativos públicos da provincia da Coruña, seleccionados pola deputación de acordo co criterio seguinte:

Dous colexios de educación primaria, que votarán os grupos da categoría A

Dous centros de educación secundaria, que votarán aos grupos da categoría B.

Estes centros públicos han votar do seguinte xeito:

-Categoría A: o alumnado de 3º e 4º de primaria.

-Categoría B: o alumnado de 2º e 3º de ESO

O alumnado que participe ha escoitar as cancións e posteriormente outorgará unha puntuación entre 1 e 5 a cada canción.

Rematadas as votacións, cada centro enviará os resultados á Deputación, que sumará as puntuacións dos dous centros para cada categoría.

Os cinco primeiros clasificados de cada categoría obterán os premios aos que se refire a base segunda, e os tres primeiros pasarán á fase final.

Se se producise un empate a puntos en calquera dos postos comprendidos entre o primeiro e o quinto, o desempate será decidido tendo en conta as puntuacións de valoración que, para cada un dos grupos que se atopen nesa situación, emitise o xurado da primeira fase, e serán seleccionados os grupos que nesa fase tivesen obtivesen maiores puntuacións.

Neste caso, o grupo de menor puntuación pasará a ocupar o posto seguinte e desprazará xa que logo ao grupo que se atopase nese lugar, que pasará a ocupar a seguinte posición.

Fase final:

A fase final decidirá os gañadores do concurso. Para iso, no último trimestre do ano 2017 terá lugar no Teatro Colón da Coruña unha gala na que os tres grupos de cada categoría que pasasen da fase anterior deben interpretar en directo a súa canción.

Na actuación da gala, cada un dos grupos interpretará a canción presentada na maqueta, e unicamente por causa debidamente xustificada, pode ser admitida algunha variación nas persoas que compoñan o grupo, en relación con aquelas que formasen parte del ata esa data.

A organización do concurso facilitaralles aos grupos que accedan á gala o equipo de son, escenario e equipo de iluminación; tamén fixará os horarios das probas de son e da actuación de cada un dos grupos.

Todos os grupos que participen nesta fase recibirán a cantidade de 200 €, cada un deles, en concepto de indemnización por axudas de custo e gastos de desprazamento.

Sétima.-

Non se devolverán as maquetas non premiadas que, a partir do día seguinte á decisión do xurado, serán destruídas.

Oitava.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases, así como a autorización á Deputación da Coruña para difundir, por un período máximo de seis meses e por calquera canle, os temas presentados ao concurso sen xerar ningún tipo de dereito económico para as persoas autoras ou intérpretes.

No caso de que as persoas responsables da autoría das cancións seleccionadas para o CD así o desexaren, a Deputación colaboraría na posterior introdución de arranxos no tema de cara á gravación, sempre dentro das súas posibilidades técnicas e orzamentarias.

O CD Querocantar 17, que ha ser editado pola Deputación da Coruña, é de carácter non comercial e hase distribuír tanto de xeito virtual coma físico.

- Virtualmente ha poder descargarse de xeito gratuïto desde a páxina do proxecto.
- Fisicamente, cunha tirada de 1.000 exemplares para entregar pola organización de xeito gratuïto a centros escolares públicos de Galicia e ás/aos propias/os gañadoras/es.

O CD edítaranse baixo unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial- Sen derivadas.

A Coruña 13 de febreiro de 2017

O Presidente

Valentín González Formoso

2017/1284